

**SESIÓN EXTRAORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO
LOCAL DE DATA TRINTA E
UN DE AGOSTO DE DOUS
MIL DEZAOITO**

No salón vermello da Casa do Concello desta cidade, a **trinta e un de agosto de dous mil dezaoto**. Baixo a Presidencia do tenente de alcalde **don Xiao Varela Gómez**, como **alcalde accidental**, coa asistencia das e dos **tenentes de alcalde dona Silvia Cameán Calvete e don Alberto Lema Suárez**, así como das señoras e señores concelleiros **dona Rocío Fraga Sáenz, dona María Eugenia Vieito Blanco, dona Claudia Delso Carreira e don Daniel Díaz Grandío**, reuniuse, previa convocatoria regulamentariamente circulada, a Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Asisten, así mesmo, don Miguel Iglesias Martínez, oficial maior, desempeñando a función do Órgano de Apoio á concelleira secretaria e á Xunta de Goberno Local, así como don Martín González Rodríguez, interventor xeral accidental e don Miguel Anxo López Prado, en representación da Asesoría Xurídica; en funcións de colaboración e asistencia.

**SESIÓN EXTRAORDINARIA
DE LA JUNTA DE GOBIERNO
LOCAL DE FECHA TREINTA Y
UNO DE AGOSTO DE DOS MIL
DIECIOCHO**

*En el salón rojo de las Casas Consistoriales de esta ciudad, a **treinta y uno de agosto de dos mil dieciocho**. Bajo la Presidencia del teniente de alcalde **don Xiao Varela Gómez**, como **alcalde accidental**, con la asistencia de las y los **tenientes de alcalde doña Silvia Cameán Calvete y don Alberto Lema Suárez**, así como de las señoras y señores **concejales doña Rocío Fraga Sáenz, doña María Eugenia Vieito Blanco, doña Claudia Delso Carreira y don Daniel Díaz Grandío**, se reunió, previa convocatoria reglamentariamente circulada, la Junta de Gobierno Local, al objeto de celebrar sesión extraordinaria en primera convocatoria.*

*Asisten, asimismo, Miguel Iglesias Martínez, oficial mayor, desempeñando la función del Órgano de Apoyo a la **concejala secretaria y a la Junta de Gobierno Local**, así como don Martín González Rodríguez, interventor general accidental y don Miguel Anxo López Prado en representación da Asesoría Jurídica, en funciones de colaboración y asistencia.*

Dá fe do acto a **concelleira-secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María Eugenia Vieito Blanco.**

Xustifican a súa ausencia **a tenente de alcalde dona María García Gómez e o concelleiro don José Manuel Sande García.**

Asiste, así mesmo, os concelleiros da oposición don Miguel Lorenzo Torres (PP) e don José Manuel García Pérez (PSOE).

Ás trece horas e un minuto a Presidencia declara iniciada a sesión e pasa a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

REXENERACIÓN URBANA E DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE

Rehabilitación e Vivenda

292.- Inadmisión da única alegación presentada no trámite de información pública da aprobación inicial da modificación da Ordenanza municipal de conservación e rehabilitación de inmoables e ratificación do acordo de aprobación do proxecto de modificación.

Prevía deliberación, **de conformidade co informe–**

*Da fe del acto la **concejala-secretaria de la Junta de Gobierno Local, Doña María Eugenia Vieito Blanco.***

*Justifican su ausencia **la teniente de alcalde doña María García Gómez y el concejal don José Manuel Sande García.***

Asiste, asimismo, los concejales de la oposición don Miguel Lorenzo Torres (PP) y don José Manuel García Pérez (PSOE).

Siendo las trece horas y un minuto la Presidencia declara abierta la sesión, pasándose a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.

REGENERACIÓN URBANA Y DERECHO A VIVIENDA Y MOVILIDAD SOSTENIBLE

Rehabilitación y Vivienda

292.- Inadmisión de la única alegación presentada en el trámite de información pública de la aprobación inicial de la modificación de la Ordenanza Municipal de Conservación y Rehabilitación de Inmuebles y ratificación del acuerdo de aprobación del proyecto de modificación.

Prevía deliberación, **de conformidad con el informe–**

proposta que consta no expediente, e do que se dará traslado en todo caso xunto coa certificación/notificación do presente acordo en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro.- Considerar inadmisíbel a única alegación presentada no período de información pública da modificación aprobada inicialmente por acordo plenario do día 11.06.2018 da Ordenanza municipal de conservación e rehabilitación de inmobles deste Concello, cuxo proxecto de modificación publicouse no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 121, do 27.06.2018, e que presentou telematicamente o día 09.08.2018 don EDPF dentro do prazo de exposición pública, con código de rexistro 27500, por non referirse a ningún dos artigos obxecto da modificación nin ter relación algunha co contido da mesma, segundo o proxecto da modificación que figura no anexo do expediente.

Segundo.- Ratificar o acordo de aprobación do proxecto da modificación da Ordenanza municipal de conservación e

proposta que consta en el expediente, y del que se dará traslado en todo caso con la certificación/notificación del presente acuerdo en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

Primero.- Considerar inadmisíbel la única alegación presentada en el período de información pública de la modificación aprobada inicialmente por acuerdo plenario del día 11.06.2018 de la Ordenanza Municipal de Conservación y Rehabilitación de Inmuebles de este Ayuntamiento, cuyo proyecto de modificación se publicó en el Boletín Oficial de la Provincia núm. 121, del 27.06.2018, y que presentó telemáticamente el día 09.08.2018 don EDPF dentro del plazo de exposición pública, con código de registro 27500, por no referirse a ninguno de los artículos objeto de la modificación ni tener relación alguna con el contenido de la misma, según el proyecto de la modificación que figura en el anexo del expediente.

Segundo.- Ratificar el acuerdo de aprobación del proyecto de la modificación de la Ordenanza Municipal de Conservación y

rehabilitación de inmoables adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 01.06.2018, cuxo texto non foi modificado por ningunha alegación, e dispoñer a súa posterior remisión ao Pleno do Excmo. Concello para o acordo de inadmisión da devandita alegación e a aprobación definitiva da modificación.

Rehabilitación de Inmuebles adoptado por la Junta de Gobierno Local en su sesión del 01.06.2018, cuyo texto no fue modificado por ninguna alegación, y disponer su posterior remisión al Pleno del Excmo. Ayuntamiento para el acuerdo de inadmisión de la referida alegación y la aprobación definitiva de la modificación.

FACENDA **E**
ADMINISTRACIÓN

Facenda

293.- Aprobación do proxecto de Ordenanza fiscal de contribucións especiais para a ampliación do servizo de extinción de incendios do Concello da Coruña.

Previa deliberación, de conformidade co informe–proposta que consta no expediente, e do que se dará traslado en todo caso xunto coa certificación/notificación do presente acordo en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Durante a tramitación deste

HACIENDA **Y**
ADMINISTRACIÓN

Hacienda

293.- Aprobación del proyecto de Ordenanza fiscal de contribuciones especiales para la ampliación del servicio de extinción de incendios del Ayuntamiento de A Coruña.

Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente, y del que se dará traslado en todo caso con la certificación/notificación del presente acuerdo en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

Durante la tramitación de este

asunto incorpórase á sesión o representante do Grupo municipal do Partido Socialista, don José Manuel García Pérez.

Primeiro.- Aprobar o proxecto de Ordenanza fiscal de contribucións especiais para a ampliación do servizo de extinción de incendios do Concello da Coruña nos termos que se regulan a continuación. No non previsto naquela, rexeranse polo establecido na Ordenanza fiscal nº 19, xeral de contribucións especiais, aprobada polo Pleno da Corporación o 3 de decembro de 2004 e actualmente en vigor:

1.1. Suxeitos pasivos.- Son suxeitos pasivos das contribucións especiais, de acordo co previsto no artigo 30.2. c do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as compañías aseguradoras que desenvolvan a súa actividade no ramo de incendios no termo municipal da Coruña. A Xestora de Concertos para a Contribución aos Servizos de Extinción de Incendios AIE (V-81070211) actúa en representación dos suxeitos pasivos, nos termos previstos no concerto de colaboración aprobado pola Xunta de Goberno Local de 16/11/2012 e formalizado en data 26/11/2012.

asunto se incorpora a la sesión el representante del Grupo municipal del Partido Socialista, don José Manuel García Pérez.

Primero.- Aprobar el proyecto de Ordenanza fiscal de contribuciones especiales para la ampliación del servicio de extinción de incendios del Ayuntamiento de A Coruña en los términos que se regulan a continuación. En lo no previsto en aquella, se regirán por el establecido en la Ordenanza Fiscal nº 19, General de Contribuciones Especiales, aprobada por el Pleno de la Corporación el 3 de diciembre de 2004 y actualmente en vigor:

1.1. Sujetos pasivos.- Son sujetos pasivos de las contribuciones especiales, de acuerdo con lo previsto en el artículo 30.2. c del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, las compañías aseguradoras que desarrollan su actividad en el ramo de incendios en el término municipal de A Coruña. La Gestora de Concertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios AIE (V-81070211) actúa en representación de los sujetos pasivos, en los términos previstos en el concierto de colaboración aprobado por la Junta de

Gobierno Local de 16/11/2012 y formalizado en fecha 26/11/2012.

1.2. Custo da ampliación do servizo de extinción de incendios.- O custo da ampliación do servizo de extinción de incendios ascende á cantidade dun millón trinta e cinco mil setecentos sesenta e oito euros e setenta e dous céntimos (1.035.768,72 euros), que se corresponde cos seguintes proxectos de investimento:

1.2. Coste de la ampliación del servicio de extinción de incendios.- El coste de la ampliación del servicio de extinción de incendios asciende a la cantidad de un millón treinta y cinco mil setecientos sesenta y ocho euros con setenta y dos céntimos (1.035.768,72 euros) que se corresponde con los siguientes proyectos de inversión:

APLICACIÓN	ANUALIDADE 2018	DENOMINACIÓN DO PROXECTO
70.136.62300	127.946,16	Investimento novo, maquinaria, instalacións e ferramentas
70.136.62400	340.000,00	Vehículo adaptado para traballos de excarceración e accidentes na estrada
70.136.62500	125.000,00	Mobiliario Parque Bombeiros
70.136.63200	261.042,56	Investimento de reposición. edificios e outras construcións
70.136.63200	50.000,00	Acondicionamento do sistema de ventilación do garaxe
70.136.63400	21.780,00	Adaptación do centro móbil de xestión e coordinación operativa de emerxencias con capacidade de comunicación ás necesidades tecnolóxicas.
70.136.63400	110.000,00	Adquisición, adaptación e instalación dunha cesta nova para o vehículo autoescaleira, marca Magirus, matrícula 4376JBM
TOTAL	1.035.768,72	

1.3. Base imponible, criterios de repartición e cotas tributarias. A base imponible cífrase na cantidade de novecientos trinta mil douscentos trece euros e dezaseis céntimos (930.213,16 euros) que equivale ao 90 por cento do custo dos proxectos denominados “Vehículo adaptado para traballos de excarceración e accidentes na estrada; Mobiliario Parque Bombeiros; Investimento

1.3. Base imponible, criterios de reparto y cuotas tributarias. La Base Imponible se cifra en la cantidad de novecientos treinta mil doscientos trece euros y dieciséis céntimos (930.213,16 euros) que equivale al 90 por ciento del coste de los proyectos denominados “Vehículo adaptado para trabajos de excarceración e accidentes na estrada; Mobiliario Parque

reposición edificios e outras construcións; Acondicionamento do sistema de ventilación do garaxe; Adaptación do centro móbil de xestión e coordinación operativa de emerxencias con capacidade de comunicación ás necesidades tecnolóxicas; Adquisición, adaptación e instalación dunha cesta nova para o vehículo autoescalera, marca Magirus, matrícula 4376JBM” e ao 88,45 por cento do custo do proxecto denominado “Investimento novo, maquinaria, instalacións e ferramentas”, e que será distribuída entre os suxeitos pasivos, proporcionalmente ao importe das primas recadadas no ano 2017. Se a cota esixible fose superior ao 5% das primas recadadas polas compañías aseguradoras, o exceso trasladarase a exercicios sucesivos ata a súa total amortización.

1.4 Recadación de cotas tributarias. A Xestora de Concertos para a Contribución aos Servizos de Extinción de Incendios AIE (V-81070211), recadará das Entidades Aseguradoras que operan no termo municipal do Concello da Coruña, en cuxa representación actúa, a cantidade estipulada e que constitúe a cota global das contribucións especiais.

bomberos; Inversión de reposición. Edificios y otras construcciones; Acondicionamiento del sistema de ventilación del garaje; Adaptación del centro móvil de gestión y coordinación operativa de emergencias con capacidad de comunicación a las necesidades tecnológicas; Adquisición, adaptación e instalación de una cesta nueva para el vehículo autoescalera, marca Magirus, matrícula 4376JBM”, y al 88,45 por ciento del coste del proyecto denominado “Inversión nueva, maquinaria, instalaciones y herramientas”, y que será distribuida entre los sujetos pasivos, proporcionalmente al importe de las primas recaudadas en el año 2017. Si la cuota exigible fuera superior al 5% de las primas recaudadas por las compañías aseguradoras, el exceso se trasladará a ejercicios sucesivos hasta su total amortización.

1.4 Recaudación de cuotas tributarias. La Gestora de Concertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios AIE (V-81070211), recaudará de las Entidades Aseguradoras que operan en el término municipal del Ayuntamiento de A Coruña, en cuya representación actúa, la cantidad estipulada y que constituye la cuota global de las Contribuciones Especiales.

1.5 Achega municipal. A achega do Concello con cargo aos seus recursos propios aplicarase ás partidas orzamentarias 70.136.62300, 70.136.62400, 70.136.62500, 70.136.63200 e 70.136.63400 do Orzamento Xeral para o ano 2018.

Segundo.- Remitir o expediente ao Pleno do Excmo. Concello para a súa aprobación provisional.

Persoal

294.- Aprobación definitiva da modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña e as súas normas de xestión para a adaptación dos postos de traballo da Policía Local ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/12/2009 (Acordo da Xunta de Goberno Local de 15/06/2018).

Previa deliberación, de conformidade co informe-propuesta que consta no expediente, e do que se dará traslado en todo caso xunto coa certificación/notificación do presente acordo en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo

1.5 Aportación Municipal. La aportación del Ayuntamiento con cargo a sus recursos propios se aplicará a las partidas presupuestarias 70.136.62300, 70.136.62400, 70.136.62500, 70.136.63200 e 70.136.63400 del Presupuesto General para el año 2018.

Segundo.- Remitir el expediente al Pleno del Excmo. Ayuntamiento para su aprobación provisional.

Personal

294.- Aprobación definitiva de la modificación de la Relación de Puestos de Trabajo del Ayuntamiento de A Coruña y sus normas de gestión para la adaptación de los puestos de trabajo de la Policía Local al acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 04/12/2009 (Acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 15/06/2018).

Previa deliberación, de conformidad con el informe-propuesta que consta en el expediente, y del que se dará traslado en todo caso con la certificación/notificación del presente acuerdo en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo

común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

1. Desestimar en todos os seus extremos as alegacións presentadas pola Sección Sindical CIG, nº rexistro 24609/2018 de data de presentación 13/07/2018, de conformidade co informe emitido polo Servizo de Persoal que serve de motivación ao presente acordo.

2. Aprobar definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña e das súas normas de xestión, de acordo cos antecedentes obrantes no expediente e recollidos nos anexos que se achegan coa proposta.

3. Remitir copia do acordo adoptado aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días e publicar integramente a Relación de Postos de Traballo e as normas de xestión no *Boletín Oficial da Provincia*.

4. De conformidade co artigo 38 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo producirá

Común de las Administraciones Públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

1. Desestimar en todos sus extremos las alegaciones presentados por la Sección Sindical CIG, nº registro 24609/2018 de fecha de presentación 13/07/2018, de conformidad con el informe emitido por el Servicio de Personal que sirve de motivación al presente acuerdo.

2. Aprobar definitivamente la modificación de la Relación de Puestos de Trabajo del Ayuntamiento de A Coruña y de sus normas de gestión, de acuerdo con los antecedentes obrantes en el expediente y recogidos en los anexos que se unen a la propuesta.

3. Remitir copia del acuerdo adoptado a los órganos competentes de la Administración General del Estado y de la Administración General de la Comunidad Autónoma de Galicia dentro del plazo de treinta días y publicar íntegramente la Relación de Puestos de Trabajo y las normas de gestión en el Boletín Oficial de la Provincia.

4. De conformidad con el artículo 38 de la Ley 39/2015, de 2 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, este

efectos a partir do día seguinte á súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.

295.- Aprobación do proxecto de modificación do cadro de persoal do 2018, comprensivo das prazas reservadas a funcionarios, persoal laboral, eventual, directivo e do TEAM, para adaptala á previsións contidas na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

Previa deliberación, de conformidade co informe–propuesta que consta no expediente, e do que se dará traslado en todo caso xunto coa certificación/notificación do presente acordo en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro: Aprobar o proxecto de modificación do cadro de persoal das prazas reservadas a funcionarios, persoal laboral, eventual, directivo e do TEAM deste Excelentísimo Concello para o ano 2018, tal e como aparece reflectido no Anexo II adxunto á presente proposta.

acuerdo producirá efectos a partir del día siguiente a su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia.

295.- Aprobación del proyecto de modificación de la plantilla de personal del 2018, comprensiva de las plazas reservadas a funcionarios, personal laboral, eventual, directivo y del TEAM, para adaptarla a la previsiones contenidas en la Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018.

Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente, y del que se dará traslado en todo caso con la certificación/notificación del presente acuerdo en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

Primero: Aprobar el proyecto de modificación de la plantilla de personal de las plazas reservadas a funcionarios, personal laboral, eventual, directivo y del TEAM de este Excelentísimo Ayuntamiento para el año 2018, tal y como aparece reflejado en el Anexo II adjunto a la presente propuesta.

Segundo: Someter o expediente de modificación do cadro de persoal do Concello da Coruña a información pública, mediante a inserción dun anuncio no BOP, durante un prazo de quince días para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxestións. O prazo de quince días iniciárase ao día seguinte da publicación do anuncio no BOP.

Se durante o prazo establecido non se presentasen alegación, reclamacións ou suxestións, o acordo considerárase definitivamente aprobado.

Ao non haber máis asuntos que tratar, e ás trece horas e oito minutos, a Presidencia remata a sesión e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía e a concelleira-secretaria da Xunta de Goberno Local; todo iso de acordo co disposto no artigo 126.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo: Someter el expediente de modificación de la plantilla de personal del Ayuntamiento de A Coruña la información pública, mediante la inserción de un anuncio en el BOP, durante un plazo de quince días para la presentación de alegaciones, reclamaciones o sugerencias. El plazo de quince días se iniciará al día siguiente de la publicación del anuncio en el BOP.

Si durante el plazo establecido no se presentaran alegaciones, reclamaciones o sugerencias, el acuerdo se considerará definitivamente aprobado.

No habiendo más asuntos que tratar, y siendo las trece horas y ocho minutos, la Presidencia levanta la sesión, redactándose la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía y la concejala-secretaria de la Junta de Gobierno Local; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local.